

SEMINARIO



“Os primeiros castelos de Galicia: a chegada do románico”

DOCENTE: Victoriano Nodar Fernández

Prof. Colaborador IV CICLO

Universidade de Santiago de Compostela

DATAS: 12, 13 e 16 de xaneiro de 2026

HORARIO: 10:00-12:00

LUGAR: Sede de Vilagarcía

Prezo da matrícula:

Alumnado do Diploma Sénior IV Ciclo da sede de Vilagarcía: **Gratuito**

Externos ao programa ou alumnado de outras sedes: 29,41 € + 20,69 Seguro de accidentes

(O seguro de accidentes abonarase unha vez por curso académico)

Prazo de matrícula: Desde o 27 de outubro ata o 19 de decembro ou rematar prazas

A matrícula realizarase chamando ao teléfono 881 814 588 ou ben a través da secretaría virtual na seguinte ligazón:

<https://sec-virtual.usc.es/Actividades/Matricula/SeleccionaActividade.asp?lIdActividad=15055>

O mínimo de estudantes matriculados/as para poder impartirse este seminario será de 15.

INTRODUCCIÓN:

A arquitectura dos castelos é unha das máis fascinantes que nos legou a Idade Media. Xunto coa súa evidente función militar e defensiva, o castelo era tamén unha imaxe permanente na paisaxe que representaba o poder señorial e lembraba ós campesiños o seu lugar dentro da estamentaria sociedade medieval.

En Galicia, o proceso de encastelamento comezou moi cedo. Aínda que as construcións militares que sobreviven do século XI non son escasas son o suficientemente relevantes como para facernos unha idea da súa envergadura e distribución. Ilustran, ademais, o proceso de introdución da arquitectura románica en Galicia no século XI e a presenza no reino de obradoiros itinerantes de formación lombarda ou canto menos aragonesa que tamén se detecta na arquitectura relixiosa do momento.

OBXECTIVOS

- Dar a coñecer o castelo medieval como estrutura arquitectónica, defensiva e simbólica.
- Entender o proceso de introdución da arquitectura románica en Galicia durante o século XI.
- Coñecer as características destes castelos do primeiro románico e a súa relación coa arquitectura lombardo-catalana do século XI.

CONTIDOS:

Sesión teórica:

- O castelo medieval: forma distribución e función.
- A introdución do románico en Galicia no século XI: mestres e obras.

- Os castelos do primeiro románico en Galicia: características e solucións estruturais.

Sesión práctica:

- Visita ó Conxunto defensivo de Torres de Oeste en Catoira

METODOLOXÍA

A metodoloxía a seguir neste seminario sería de tipo expositiva, mediante unha explicación teórica dos contidos reflectidos no apartado anterior. Utilizaranse presentacións con un amplo repertorio de imaxes, vídeos e reconstrucións 3D.

BIBLIOGRAFÍA

Jiménez Esteban, Jorge, El castillo medieval español y su evolución, Agualarga, 1995.

Naveiro López, Juan L., Torres de Oeste: monumento histórico e xacemento arqueolóxico, Pontevedra, 2004.

Nodar Fernández, Victoriano, “Doncos. Torre de Doncos”, Enciclopedia del Románico en Galicia. Lugo, vol. I, Aguilar de Campoo, 2018, 477-479.

Benedicto Salas, Roberto y Galtier Marti, Fernando, La arquitectura románica de los maestros lombardos en Aragón, Zaragoza, 2012.